

O Bloque propondrá declarar o día 24 de febreiro 'Día de Rosalía'

14.02.2012 O grupo municipal levará a proposta ao vindeiro Pleno da Corporación

BNG SANTIAGO

O grupo municipal do BNG defenderá no vindeiro Pleno da Corporación municipal unha moción para declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no concello de Santiago de Compostela. Este acordo irá acompañado dunha proposta para emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da escritora que impliquen á veciñanza, nesta data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura. Ademais, proponse realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

Segundo expón o texto da moción, Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

Para a formación nacionalista, a súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. “Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento”, expresa o documento. “Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos”, engade.

Por estes motivos, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribúen a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.